

Anexo II (DO):

**PLAN
DE
ACCIÓN
TITORIAL**

**CEIP. LABARTA POSE
Departamento de Orientación**

CURSO: 2019/2020

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P. A.T.)

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. CONCEPTO E XUSTIFICACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL**
- 3. BASES LEGAIS**
- 4. FUNCIÓNS DO TITOR/A**
- 5. OBXECTIVOS DO PLAN**
- 6. ACTIVIDADES NOS DISTINTOS ÁMBITOS E BLOQUES DE ACTUACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL**
- 7. ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.**
- 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES TITORIAIS**
- 9. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**
- 10. SUBPROGRAMAS DA ACCIÓN TITORIAL**
 - 10.1. PLAN DE ACOLLIDA**
 - 10.2. PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A ESO**
 - 10.3. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE CONDUCTAS DISRUPTIVAS**
 - 10.4. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS**
 - 10.5. PROGRAMA DE EXPLORACIÓN PSICOPEAGÓXICA DA TOTALIDADE DO ALUMNADO**
 - 10.6 PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EN EDUCACIÓN INFANTIL**

1. INTRODUCCIÓN

O *Plan de Acción Titorial* complementa ao plan de Orientación tal e como se establece no Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galiza.

O seu deseño é competencia do Departamento de Orientación, sendo a acción titorial competencia de tódolos mestres e en particular dos titores/as.

O PAT fixa un conxunto de actividades educativas complementarias ó currículo, baseadas nas necesidades do alumnado e dirixidas a eles, que están secuenciadas no tempo e estruturadas nas dimensións da acción titorial e que o titor/a realizará cos distintos colectivos do grupo que titoriza (alumnado, familias e equipo educativo). É polo tanto un proceso colaborativo, continuo e sistemático, que pretende dar resposta aos problemas que xurdan na aula, tratando as dificultades e propoñendo alternativas.

Temos que ser capaces de incorporar a acción titorial de xeito natural á actividade educativa ordinaria sen que supoña unha carga adicional ou sexa considerada como algo periférico e prescindible.

2. CONCEPTO E XUSTIFICACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

A titoría é unha función dos mestres complementaria ás tarefas docentes específicas. Forma parte do concepto, máis amplo, de orientación educativa e vén a representar o primeiro nivel (por ser o máis próximo) de actuación orientadora. Lévaa a cabo un titor e o resto de profesores con responsabilidade sobre un grupo de alumnos/as. É unha labor moi extensa que necesita da colaboración de todos os axentes educativos: titor/a, profesorado, familias e orientadora.

A acción titorial é un proceso continuo, a través dos diferentes cursos, que no caso da educación infantil e primaria debe priorizar as seguintes funcións:

- A inserción do alumnado no grupo-clase
- A adaptación escolar
- A prevención de dificultades de aprendizaxe
- A vinculación da escola coa familia
- O desenvolvemento de hábitos básicos e de estratexias de autonomía persoal e participación social.

A acción educativa e titorial no grupo clase realízase por medio de tres vías de atención principais:

- 1.- A acción diaria dos docentes na aula mediante o desenvolvemento dos elementos do currículo. Pero tamén por medio do que se denomina “currículo oculto”, é dicir, os valores e os modelos que os profesores transmiten coas súas actuacións e actitudes.
- 2.- O tratamento das competencias básicas, maioritariamente desenvolvidos a través do currículo.
- 3.- As actividades específicas recollidas no Plan de Acción Titorial.

3. BASES LEGAIS

Referencias legais:

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa:*
 1. **Artigo 91:** *Funcións do profesorado: «A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias»*
 2. **Artigo 105:** *Medidas para o profesorado: «As administracións educativas favorecerán: o recoñecemento da función titorial, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos»*
 3. **Artigo 121:** *Proxecto educativo: «Recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial»*
Artigo 129: *Competencias do claustro: «Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos»*
- Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 374/ 1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria
- Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. FUNCÍONS DO TITOR/A

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

No citado decreto fai referencia as funcións dos titores/as, no seu Capítulo V:

Artigo 80º

1. A titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente.
2. Cada grupo de alumnos terá un mestre titor que será designado polo director a proposta do xefe de estudos.
3. O xefe de estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Artigo 81º

1. Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.

b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e dos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente o calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

h) Orientar os alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informar o equipo de profesores do grupo de alumnos das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.

m) De ser o caso, organizar e presidir sesións de avaliación.

n) Coordina-lo proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptala decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.

ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.

p) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativos e curriculares do centro.

q) Orientalas demandas e inquiredanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

r) Informalos alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilitala competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.

s) Facilitala cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.

t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.

u) Cubrilos documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.

v) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais ou titores e o xefe de estudos.

x) Fomentala colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial

5. OBXETIVOS DO PLAN

Partindo das funcións titoriais sinaladas no P.E. e, por conseguinte, na Proposta Curricular do Centro (P.C.) baseadas nas fixadas na lexislación, os Obxectivos xerais concréntanse nos seguintes aspectos:

1. Avaliación inicial do alumnado e seguimento do seu proceso escolar.
2. Avaliación das necesidades específicas de apoio educativo (N.E.A.E.) para aquel alumnado que manifeste algunha dificultade ou trastorno da súa aprendizaxe.
3. Dinamizar e por en práctica o PAT por parte do DO
4. Implicar a toda a comunidade educativa para o seu desenvolvemento

5. Ampliar ou/e modificar calquera subprograma do PAT, segundo as necesidades do centro.
6. Integrar ao alumnado na dinámica do centro, especialmente ao que se acaba de incorporar.
7. Concretar as accións que realizarán co alumnado coa finalidade de fomentar a adquisición de habilidades, métodos de estudo e estratexias de aprendizaxe.
8. Establecer unha liña de comunicación-información permanente co grupo de alumnos e alumnas e co seu equipo docente.
9. Manter actualizado o expediente do alumnado e aproveitar a información facilitada pola exploración psicopedagóxica individual para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.
10. Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos e fillas, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
11. Contribuír á mellora da coordinación entre os distintos centros, ciclos e/ou etapas.

6. ACTIVIDADES NOS DISTINTOS ÁMBITOS E BLOQUES DE ACTUACIÓN DE ACCIÓN TITORIAL.

a) Co grupo de alumnos e alumnas:

- ✓ Recollida de información sobre o alumnado: datos persoais, características persoais, rendemento, dificultades de adaptación, dificultades de aprendizaxe, necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Recepción de alumnado: actividades de acollida para o alumnado que se incorpora ao centro ao longo da súa escolarización e para a adaptación do alumnado que se escolariza por primeira vez.
- ✓ Avaliación inicial do grupo: actividades para coñecer o nivel de competencia curricular e estilo de aprendizaxe.
- ✓ Organización e funcionamento da aula: normas da clase adaptadas ás características e particularidades do grupo-clase (agrupamento de alumnos/as, apoios dentro e fóra da aula ordinaria, reforzo educativo, debate sobre normas do Regulamento de Réxime Interior (R.R.I), etc.)

- ✓ Adquisición e mellora de hábitos de traballo: técnicas para “aprender a aprender” (lectura comprensiva, estratexias e técnicas de estudo etc...)
- ✓ Actividades sobre habilidades sociais, resolución pacífica de conflitos: educación en valores.
- ✓ Actividades que fomenten no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas tanto no centro como no entorno sociocultural.
- ✓ Estudar os resultados do rendemento académico do grupo nas distintas materias do currículo: en cada avaliación trimestral e unha avaliación xeral, ao final de curso.
- ✓ Facilitar sesións de traballo en grupo: para que poidan debater, aclarar ou organizar actividades, fomentando un ambiente de respecto, solidariedade, tolerancia, etc. Tanto en pequeno, mediano como en gran grupo.
- ✓ Recoller información sobre aspectos que lle podan interesar en relación co seu futuro no sistema escolar: sobre todo ao alumnado do 3º ciclo de Educación Primaria.

b) Co alumnado individualmente:

- ✓ Rexistrar diariamente as faltas de asistencia, onde o titor/a deberá coñecer as causas do absentismo escolar e orientar cara á solución.
- ✓ Revisar o expediente persoal do alumno/a, pedir información a outros profesores do centro.
- ✓ Realizar unha avaliación individual do alumno/a cando empeza o novo nivel de Educación Primaria.
- ✓ Manter información actualizada sobre o rendemento académico, dificultades, intereses, etc.
- ✓ Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica.
- ✓ Observación sistemática do traballo escolar para detectar dificultades.
- ✓ Programar e orientar a recuperación do alumnado mediante estratexias de apoio (Reforzo Educativo e Adaptación Curricular) xunto coa xefa do Departamento de Orientación.
- ✓ Axudarlle nas técnicas de traballo intelectual e na elección de actividades extraescolares ou de tempo libre.
- ✓ Favorecer no alumno/a o coñecemento e aceptación de si mesmo, así como a autoestima.

c) Coas Familias en grupo:

- ✓ Reunión con todos os pais/nais ao comezo de curso onde se marcarán os obxectivos para o curso dunha maneira xeral.
- ✓ Reunión a final de curso coas familias do alumnado do 6º de Educación Primaria, coa orientadora e co D.O. do I.E.S. ao que irá o alumnado co obxectivo de asesoralos naquelas dúbidas ou cuestións que se formulen.
- ✓ Poderán celebrarse outras reunións cando se considere preciso por parte dos pais/nais ou titores legais: algunha excursión, incidencia no curso...
- ✓ Informar, cando sexa necesario, ás familias dos aspectos da vida do centro que podan interesarlles: celebracións, cursos, eleccións a Consellos Escolares, etc; así como solicitar a súa colaboración para determinadas actividades.

d) Coas Familias a nivel individual:

- ✓ Entrevista persoal. Poderá levarse a cabo os martes de 15:30 a 16:30 horas. As familias que a soliciten, terán que cubrir un impreso de solicitude de entrevista (facelo de xeito oral, ou vía telefónica) para que o titor/a poda recoller toda a información oportuna do equipo docente (mestres especialistas, mestres de apoio, etc) e que non se acumulen máis de dúas familias cada martes.
- ✓ Cando o considere preciso, o titor/a enviará unha nota informativa ás familias para manter unha entrevista puntual sobre aspectos relacionados coa orientación en canto á madurez e desenvolvemento dos seus fillos/as.

e) Con outros Titores/as:

- ✓ Xuntanza de coordinación de ciclo de educación infantil que se realizará mensualmente.
- ✓ Levaranse a cabo reunións de todo o profesorado os martes de cada mes en horario de 16:30 a 17:30.
- ✓ Xuntanza da comisión de convivencia e D. de Orientación os primeiros martes de mes de 16:30 a 17:30.
- ✓ Xuntanza no mes de setembro co titor/a que impartiu docencia ao alumnado do nivel anterior co fin de recadar información.
- ✓ Xuntanzas dos Equipos de Dinamización da Lingua, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares , Equipo das TIC's.. e todos co Equipo da Biblioteca os 2º e último martes de mes de 16:30 a 17:30 respectivamente.

- ✓ Xuntanza da Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) . Os titores/as están representados na C.C.P. polos coordinadores dos niveis. Levarase a cabo os 3º martes do mes de 16:30 a 17:30 horas.

f) **Cos Mestres Especialistas** (Ed.Física, Idioma Estranxeiro, Relixión e Ed. Musical):

- ✓ Consensuar o Plan de Acción Titorial para todo o curso.
- ✓ Mediar con coñecemento de causa, nas posibles situacións de conflitos entre o alumnado e o profesorado, informando debidamente ás familias.
- ✓ Recoller información, opinión e propostas de cada un dos profesores/as sobre calquera tema que afecte ao grupo ou a algún alumno/a en particular.
- ✓ Transmitir ao profesorado especialista toda a información sobre o alumnado que poda ser de utilidade para o desenvolvemento da tarefa docente e avaliadora.
- ✓ Consensuar nas reunións de avaliación a promoción dos alumnos/as.
- ✓ Incorporación de temas transversais. Debe existir coordinación entre o titor/a e os especialistas á hora de tratar temas transversais.
- ✓ Os equipos de nivel nos que se integran o profesorado responsable dun grupo-clase así como o profesorado que imparte algunha das especialidades nos diferentes cursos do ciclo, constitúense como grupos de reflexión da investigación na acción educativa. A avaliación non é allea a este cometido. De todos xeitos, durante o curso, levaranse a cabo, de maneira formalizada, tres sesións de avaliación (unha ao remate de cada trimestre), nas que se tomarán as decisións sobre a avaliación do alumnado e a súa promoción cando corresponda, en función dos criterios contemplados na P.C.C. A coordinación desta sesión correrá a cargo dos coordinadores de nivel en colaboración coa orientadora.

g) **Co Departamento de Orientación e cos Mestres de Apoio de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe:**

- O titor/a realizará reunións co D.O. e/ou cos especialistas de P.T. e/ou A.L. para:
 - Analizar e comentar algún aspecto do alumno/a ou do grupo-clase.
 - Participar en actividades propostas polo Departamento de Orientación.
 - O Departamento de Orientación colaborará na elaboración das Adaptacións Curriculares Significativas (A.C.S.).
 - Elaborar conxuntamente materiais específicos para alumnado que presente N.E.A.E.

- As reunións do Departamento de Orientación levaranse a cabo os primeiro martes de mes en horario de 16:30 a 17:30 .

h) Co Equipo de Orientación Específico provincial:

- ✓ O titor/a, mediante o Departamento de Orientación, poderá comunicarse co Equipo de Orientación Específico (E.O.E.) para recibir asesoramento sobre o alumnado con N.E.A.E., así como tamén o E.O.E. poderá solicitar a colaboración dalgún titor/a para levar a cabo plans de atención temperá.

i) Cos Órganos de Goberno do Centro:

- ✓ Formar parte do claustro de profesores e, no seu caso, do Consello Escolar.
- ✓ Comunicar á dirección do centro as convocatorias de reunións (pais, profesorado, coa dirección do centro, etc).
- ✓ Informar á dirección do centro, cando os alumnos mostren unha conduta incorrecta en función do xa contemplado no R.R.I.
- ✓ Cubrir todos aqueles impresos que teña que realizar o titor/a.

7. ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.

A tutoría e a orientación escolar non son só responsabilidade do titor se non que tamén de todos profesionais que teñen responsabilidade sobre o grupo de alumnos/as.

A organización da acción tutorial estrutúrase en torno a tres niveis.

- 1º nivel: Na aula e no grupo-clase
- 2º nivel: Na escola, como institución.
- 3º nivel: No sistema escolar, coordinando programas e servizos.

Aínda que na normativa non se contempla un horario específico para realizar actividades tutoriais co grupo de alumnos/as, no centro procuramos dedicar algún tempo a estas actividades, centrándonos especialmente no desenvolvemento de habilidades sociais, na resolución de conflitos, na mellora da autoestima e do autoconcepto etc...ben sexa aproveitando actividades dalgunha área, ou elaborados polo titor/a e o departamento de orientación.

A autoestima é a suma da confianza e o respecto que debemos sentir por nós mesmos. Reflexa o xuízo de valor que cada un fai da súa persoa para enfrontarse aos desafíos que se lle presentan. Constitúe, ademais, o núcleo básico da personalidade. É unha dimensión avaliativa do concepto de si mesmo.

O autoconceito é o conxunto de pensamentos que se ten dun mesmo. Procede das experiencias previas, de ser obxecto de consideración por parte dos demais e das testemuñas de certas persoas que ocupan un papel importante nas nosas vidas. Aquí xogan un papel importante os educadores e os pais.

- Aspectos que indican que o alumnado ten baixa autoestima:

- Non se dan adaptado ás rutinas escolares.
- Tenden a infravalorar as súas propias realizacións.
- Intentan chamar a atención.
- Non queren participar cando os elixen para algo.
- Evitan revelar os seus desexos.
- Non prestan atención.
- Poden mostrarse agresivos.
- Parece que non queren colaborar en nada.
- Teñen dificultades para facer amigos.
- Adoitan culpar aos demais de que a relación non funcione.
- Tenden a estar solos.

- Aspectos que poden reducir unha autoestima positiva:

- Abundancia de críticas.
- Avaliación negativa.
- Comparacións para motivar condutas desexables.
- Axuda excesiva e sobreprotección.

- Aspectos que poden potenciar unha autoestima positiva:

- Minimizar as críticas.
- Avaliación con criterios positivos.
- Loanza e recoñecemento honesto.
- Respecto.
- Comentarios positivos ante calquera logro.
- Buscar campos de éxito nos que poida destacar e compensarse.

- Promover unha relación positiva de grupo, un clima de participación e colaboración na aula que posibilite ao alumno/a superarse e descubrirse a si mesmo entre os seus iguais.
- O espazo para a realización destas actividades grupais, será o que crea conveniente o titor/a: aula, sala de usos múltiples (televisión, vídeo, teatro, exposicións...), biblioteca...

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES TITORIAIS.

<p>1º TRIMESTRE</p>	<p>1.1.2 Recollida de información. Revisión de expedientes dos alumnos/as, P.E., P.C.C. .</p> <p>1.1.3 Recepción dos alumnos/as e actividades de acollida.</p> <p>1.1.4 Avaliación inicial do grupo.</p> <p>1.1.5 Organización e funcionamento da aula; normas de R.R.I., normas de clase, agrupamento de alumnos/as, reforzos educativos...</p> <p>1.1.6 Reunión colectiva coas familias.</p> <p>1.1.7 Programación de actividades e tarefas, tendo en conta os mínimos acordados, para os diferentes ciclos, para traballar a lecto-escritura e que están incluídos no P.A.T.</p> <p>1.1.8 Adscrición aos equipos, de Biblioteca, Plan Lector do Centro, etc.</p> <p>1.1.9 Reunións de todo o profesorado.</p> <p>1.1.10 Reunións de C.C.P. que marcarán as liñas para levar a cabo dende o Departamento de Orientación.</p> <p>1.1.11 Controles de asistencia á clase.</p> <p>1.1.12 Sesión de avaliación. Valoración, xunto cos especialistas, das medidas de atención á diversidade.</p> <p>1.1.13 Boletín informativo ás familias.</p> <p>- Avaliación do Plan de Acción Titorial.</p>
-------------------------	--

<p>2º TRIMESTRE</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación continua. 1.1.14 Reunións individuais cos pais/nais. 1.1.15 Atención á diversidade (reunións periódicas con P.T. e A.L.). 1.1.16 Coordinación cos Equipos Docentes. 1.1.17 Reunións de Equipos de Traballo. 1.1.18 Reunións de Comisión de Coordinación Pedagóxica. 1.1.19 Posta en práctica de programas especiais sobre: comprensión lectora, resolución de conflitos, autoestima, técnicas de estudio... elaborados polo Departamento de Orientación. 1.1.20 Sesión de avaliación. 1.1.21 Boletín informativo. - Avaliación do P.A.T.
<p>3º TRIMESTRE</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación continua. 1.1.22 Reunións individuais cos pais/nais. 1.1.23 Atención á diversidade (reunións periódicas con P.T. e/ou A.L.). 1.1.24 Coordinación cos Equipos Docentes. 1.1.25 Reunións de Equipos de Traballo. 1.1.26 Reunións de Comisión de Coordinación Pedagóxica. 1.1.27 Revisión de programas especiais sobre: comprensión lectora, resolución de conflitos, autoestima, técnicas de estudio... elaborados polo Departamento de Orientación. 1.1.28 Sesión de avaliación. 1.1.29 Reunión do Equipo Docente para consensuar a promoción ou non promoción. 1.1.30 Informe individualizado de nivel (avaliación final). 1.1.31 Informe final de etapa. 1.1.32 Boletín informativo final. - Avaliación do P.A.T.

9. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

A avaliación global do P.A.T. realizarase de maneira continua, integradora e sistemática; avaliaremos tanto o funcionamento das actividades propostas como a consecución dos obxectivos formulados.

Este P.A.T. será aberto e flexible para acoller os distintos cambios que se produzan. Para facer un seguimento adecuado que permita reflexionar e tomar decisións, o proceso de avaliación debe ordenarse en fases, que garantan a intervención dos axentes adecuados en cada momento. Deben intervir, dependendo do momento e da fase, órganos como a CCP, o Departamento de Orientación e equipos de ciclo no caso de EI., baixo a coordinación da dirección do centro.

- *Avaliación inicial.* Debe partir das conclusións derivadas da avaliación final do PAT do curso anterior e das referencias o punto de partida para programar e seleccionar os contidos e actividade para cada curso segundo a etapa, ciclo e nivel.

Responsables: Dirección do centro, CCP e Departamento de Orientación.

- *Avaliación do proceso.* Durante o curso, preferentemente despois de cada avaliación, para verificar o grao de adecuación da programación realizada á actividade da aula, durante ese período. Serve tamén para incorporar algún contido interesante que non fora previsto inicialmente.

Responsables: Dirección do centro, CCP e Departamento de Orientación.

- *Avaliación Final.* Debe reflectir o grao de adecuación e consecución dos obxectivos xerais do PAT, reflexionando ó tempo sobre a vixencia e idoneidade do deseño do Plan. Como procedemento de avaliación farase emprego de cuestionarios confeccionados para tal fin. Coa información avaliarase a efectividade do plan, e decidiranse as posibles modificacións do mesmo.

O informe de avaliación do PAT, que debe realizar o departamento de orientación, reflexará unha valoración do desenvolvemento do PAT tendo en conta os seguintes criterios:

1. Cumplíuse a temporalización das actividades.
2. Consegúronse os obxectivos establecidos.
3. Aumentou o grao de satisfacción dos titores.
4. Aumentou o grao de satisfacción do alumnado.
5. Conseguiuse un coñecemento do PAT por parte do equipo docente do centro.

6. Os titores implicáronse no desenvolvemento das actividades.
7. O departamento de orientación implicouse nas labores de asesoramento, coordinación, seguimento e apoio ó titor.
8. Os materiais utilizados para o desenvolvemento das actividades foron axeitados e de calidade.
9. Realizáronse todas as actividades programadas.
10. O equipo docente colaborou no desenvolvemento do PAT e implicouse no desenvolvemento das súas funcións.
11. Mellorou o grao de comunicación entre o centro e as familias.

10. SUBPROGRAMAS DA ACCIÓN TITORIAL

10.1 PLAN DE ACOLLIDA

1. Introducción

2. Obxectivos

3. Desenvolvemento

3.1. Alumnos de nova incorporación

3.1.1. Nenos de educación infantil

3.1.2. Alumnado procedente doutros centros

3.1.3. Alumnado inmigrante

3.2. Profesorado de nova incorporación ao centro

4. Seguimento e avaliación do plan.

4.1 Instrumentos de avaliación

1. INTRODUCCIÓN

Todos os anos se incorporan ao centro novos profesores e alumnos: de educación infantil, procedentes doutros colexios ou inmigrantes. Non é fácil para ningún deles: pásase de un ambiente que se coñece e domina a outro descoñecido e todos estes cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza. No proceso de adaptación, as persoas teñen que coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos de relación. O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de todos. É un proceso

biunívoco, caracterizado pola reciprocidade, onde o contexto mesmo se modifica para acoller, para saír ao encontro. O centro terá a responsabilidade de programar e organizar esta incorporación á escola cunha planificación coidada, especial e de atención particular a cadaquén, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá grande influencia na historia escolar das persoas incorporadas.

Este programa trata de dar resposta a esta necesidade, contemplando as accións a desenvolver en relación coa incorporación do novo profesorado e alumnado co obxecto de coordinar estas para a acollida satisfactoria dos recen chegados, tendo en conta que algunhas actuacións deberán complementarse con outras recollidas no PXAD.

2. OBXECTIVOS

- Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- Facilitar o tránsito da familia ou dunha escola cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Establecer liñas de colaboración coas familias, informais e implícitas no período de adaptación.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, favorecendo a sensación de seguridade, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización diferente e a un mundo relacional distinto.
- Conseguir unha idónea adaptación do alumnado á escola para o seu correcto desenvolvemento.
- Favorecer a relación dos nenos novos cos seus compañeiros.
- Fomentar actitudes de respecto cara ao alumnado inmigrante e facilitar o proceso da súa integración.
- Facilitar o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na súa dinámica de traballo.
- Acadar o coñecemento das circunstancias persoais de cada neno.

3. DESENVOLVEMENTO

Para acadar os obxectivos deste programa de acollida, desenvolveranse as seguintes actuacións:

3.1. Alumnos de nova incorporación

3.1.1.Nenos de educación infantil.

a) Na matriculación:

O equipo directivo recibirá ás familias durante a matriculación, realizando unha función informativa básica acerca da escola e respondendo ás preguntas que se susciten. Anticipaselles que no mes de xuño serán convocadas, se é posible, a unha primeira xuntanza co profesorado sen a presenza dos nenos para coñecer a escola e todo o relativo ao proceso de incorporación destes.

b) Durante a 1ª quincena de xuño:

O equipo docente de educación infantil analizará os datos do novo alumnado admitido. Se houber nenos con NEAE o departamento de orientación terá un primeiro contacto coas familias para recadar información sobre o alumnado. Posteriormente determinaranse, se fose o caso, as actuacións pertinentes.

c) Durante a 2ª quincena de xuño:

O equipo de educación infantil, se é posible, fará unha xuntanza informativa xeral coas familias. Sobre todo, é importante que os pais e nais reciban nesta primeira reunión todas as informacións prácticas relativas á vida da escola e á permanencia nela do seu fillo e sexan conscientes da necesidade de colaboración coa escola.

Puntos que se poden tratar nesta primeira reunión:

- 1 Expoñer as liñas básicas do proxecto educativo.
- 2 Informar sobre o horario da aula (distribución do tempo, actividades...).
- 3 Informar sobre o profesorado especialista co que se conta.
- 4 Xustificar e explicar o período de adaptación.
- 5 Explicar a importancia de preparar o alumnado no verán reforzando hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres.
- 6 Presentar en que forma se planificará a entrada graduada e cal será o horario.
- 7 Expoñer as respostas á entrada na escola que os nenos poden manifestar en canto a alteracións de comportamento e como actuar ante estas condutas.
- 8 Comentar a postura que deben manter as familias, cunha actitude non proteccionista e que transmita unha imaxe real da escola.
- 9 Anticipar que durante o mes de setembro se realizarán as entrevistas para recadar información significativa.
- 10 Informar dos diferentes servizos que ofrece o centro escolar.
- 11 Invitar aos pais e ás nais a expresar as súas dúbidas, inquiredanzas e iniciativas.

Tamén se levará a cabo a visita ao centro do alumnado xunto coa súa familia. É conveniente que os nenos/as acudan ao centro para ter os primeiros contactos co grupo, materiais ,espazos, profesorado, persoal laboral e alumnado dende a proximidade tranquilizadora do familiar que o acompaña. As quendas de visita quedarán establecidas na reunión anterior.

d) Durante a 1ª quincena de setembro:

O equipo docente de educación infantil:

12 Estudará a realidade do novo alumnado matriculado.

13 Realizará a entrevista persoal ás familias co obxecto de recompilar datos sobre o alumno.

14 Decidirá o momento da incorporación de cada neno establecendo os agrupamentos e horarios para a entrada graduada, tendo en conta a presenza daqueles nenos que manteñan relación de amizade, veciñanza ou familiaridade, a data de nacemento e a experiencia previa ou non nunha gardaría.

e) Durante a 2ª quincena de setembro:

15 O alumnado de continuidade no centro virá dende o primeiro día en xornada completa. A incorporación dos nenos novos ás aulas realizarase en grupos reducidos, segundo determine o equipo docente de Educación Infantil.

16 A permanencia na aula será, como máximo e no caso dos nenos e nenas de tres anos ou de catro que se escolaricen por vez primeira, de dúas horas durante os primeiros días, aumentando o tempo progresivamente para a súa incorporación plena a vida escolar na data límite, marcada para o período de adaptación no calendario escolar anual.

3.1.2. Alumnado procedente doutros centros.

a) No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula:

Ao formalizar a matrícula, o equipo directivo informará ás familias acerca da escola e responderá ás preguntas que se susciten. Os nenos deben visitar o colexio acompañados dalgún membro da familia para ter os primeiros contactos co grupo, materiais ,espazos do centro, profesorado, persoal laboral e alumnado.

b) Durante a 1ª quincena de setembro:

O profesorado-titor ou, no seu defecto, calquera compañeiro de nivel, convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista persoal, na que se presentará

o funcionamento xeral do centro e se recabará aquela información que o correspondente equipo de nivel estime pertinente. Tamén se aproveitará para ensinarlles a aula e o centro, se aínda non o coñeceran.

3.1.3. Alumnado inmigrante.

A incorporación dun alumno/a que procede do estranxeiro fai necesario establecer medidas de atención específica axeitadas as súas necesidades, e unha delas consiste en axustar a acollida que se lles vai dispensar. Así conseguiremos unha boa integración escolar e que os demais se enriquezan co coñecemento de novas culturas e costumes, e aprendan na convivencia os valores da tolerancia e respecto mutuo.

Así, estes alumnos enfróntanse frecuentemente con dificultades como:

1. Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensino-aprendizaxe dunha lingua diferente á lingua materna.
2. Diversos referentes culturais: o que lle ofrece a escola e o que atopa na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.
3. Diferentes niveis académicos: algúns alumnos presentan un ou varios cursos de desfase curricular en relación á súa idade.
4. Dificultades de adaptación ao novo lugar de residencia que condicionan a socialización: alumnos/as que, en ocasións, non teñen amigos cos que tratar ou fano sempre con nenos/as da súa propia nacionalidade.

Unha boa acollida para o alumnado que se incorpora por vez primeira supón ofrecer un espazo para o seu desenvolvemento persoal, cultural e social, debendo o centro adaptar e sistematizar a súa resposta educativa tras unha reflexión conxunta por parte de todo o profesorado.

➤ Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural

O Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores,

crenzas, estilos) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.

Este labor levarase a cabo con:

- O **alumnado**, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.
- Os **pais**, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.
- O **profesorado**, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos.

b) Acollida á familia no centro

- Recibimento

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto dos alumnos e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. Este debe ser acolledor: a relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Se non coñece o castelán, pódese recorrer a algún pai que fale o seu idioma ou facilitaráselles información por escrito traducida.

- Información achegada polo Centro

O membro do equipo directivo que reciba aos pais ademais de explicarlles cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

- 1 Sistema educativo español.
- 2 Estrutura e elementos básicos da etapa educativa á que se incorpora ó alumno; división en ciclos-cursos, sistema de avaliación, promoción, etc.
- 3 O funcionamento do centro: quén somos, qué facemos e qué obxectivos pretendemos
- 4 Documentos e normas do centro.

- 5 Calendario escolar.
 - 6 Horario xeral do centro. Horario do alumno.
 - 7 Canles de participación na vida do Centro.
 - 8 Procedemento e horario de atención aos pais do profesorado e equipo directivo.
 - 9 Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.
 - 10 Lugares de entrada e saída do alumnado.
 - 11 Instalacións do centro: aulas, ximnasio, recreo, biblioteca, etc.
 - 12 Material escolar necesario.
 - 13 Funcionamento do servizo do comedor escolar.
 - 14 Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc. Pediráselles a pertinente autorización asinada.
 - 15 Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.
 - 16 Servizos fóra da escola aos que pode acudir: servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia, etc.
 - 17 Información sobre as funcións e actividades da ANPA.
- Documentación solicitada.

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é conveniente que a familia aporte:

- 18 A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa.
- 19 Información sobre a súa procedencia.
- 20 Situación laboral e familiar e intencións de futuro.
 - Cumprimentándose así mesmo o formulario do anexo III.

▶ Avaliación inicial e adscrición

De conformidade co establecido no Plan de Acollida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación e O.U :

“Como primeira medida, e segundo establece a normativa, o alumno que se incorpora ao noso sistema educativo, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

De seguido, e aínda con máis urxencia se o seu nivel curricular é baixo respecto da súa idade, o titor procederá a determinar as súas necesidades educativas, a través da avaliación inicial prevista con carácter xeral para todo o alumnado que se incorpora ao centro. No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, buscarase algunha materia na que estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecementos, como poden ser a área de lingua estranxeira ou a de matemáticas.

No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente. Cos resultados desta avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, establecerase cal das medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro, son as máis axeitadas nese caso concreto”

No referente á adopción de medidas de atención específica estarase ao disposto no PXAD, sen prexuízo do determinado especificamente para este alumnado neste PA.

O nivel ao que se incorporará non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica.

A adscrición será considerada con flexibilidade, xa que nalgunha ocasión, á vista da avaliación inicial do titor e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, poderá propoñerse un troco de nivel ou curso. Se isto ocorre, haberá de facerse a proposta, razoada e por escrito, do profesorado que lle dá clase, e elevarase ao xefe de estudos, quen decidirá sobre a pertinencia da mesma.

Resulta esencial transmitir aos distintos profesores da aula asignada a información sobre as características dos novos alumnos e as decisións tomadas sobre a resposta educativa axeitada. O titor será o encargado desta tarefa sendo, do mesmo modo, referente máis directo do alumno recién chegado, de maneira que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña algunha dúbida ou dificultade.

▶ Acollida ao alumno na aula

- Actividades de presentación e coñecemento mutuo.

O titor, que posúe todos os datos do alumno novo, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.

- Alumnos titores.

O profesor tutor pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro que axude, oriente e acompañe ao novo alumno, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Debe ser unha persoa ben predisposta, acolledora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

Estes colocaranse á súa beira en clase, no comedor, acompañaranlle ao recreo, e procurarán que se sinta aceptado. Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

Seguindo o Plan de Acollida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación e O.U, as principais funcións para realizar o alumnado tutor son as seguintes:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Colaborar co tutor comunicándolle as dificultades que detecte.

- Outras liñas de actuación na aula.

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do novo alumno co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión, impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

- ▶ Medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento.

Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares dos alumnos, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada.

Dependerán tanto dos recursos do centro como das necesidades dos alumnos as decisións que tomemos sobre as medidas que se precisan nunha área concreta para conseguir os obxectivos mínimos previstos ou a adquisición de técnicas e aprendizaxes que pola súa idade puidesen corresponderlle.

As medidas de atención a este alumnado incluírán, ademais da enmarcadas na acción tutorial, as establecidas de maneira xeral para a atención á diversidade e outras específicas que contempla a normativa:

- De tipo curricular: reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade.
- De tipo organizativo: grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

No caso de precisar apoio especializado (PT/AL) ou de profesorado do colexio seguiranse os criterios de utilización establecidos no PXAD e será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagógica realizada pola orientadora de conformidade co determinado no referido PXAD. É importante no caso destes alumnos desenvolver estas actuacións, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a integración escolar

Nas ACS estarase ao establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, seguindo o que se recolle no PXAD.

O desenvolvemento de medidas de tipo organizativo ven regulado pola Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro).

Ademais das anteriormente referidas, deberanse ter en conta :

- Medidas de coordinación: Para conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos o xefe de estudos deberá prever os momentos e tempos de coordinación para compartir a información sobre os alumnos e a toma de decisións sobre a intervención. Para iso faise aconsellable determinar reunións periódicas co titor, o profesorado de apoio, os profesores de área e o departamento de orientación. Este

seguimento facilita moito o coñecemento da marcha do alumno e as súas posibilidades reais de integración no centro.

- Actividades extraescolares: O centro actúa como un elemento de socialización fundamental e debe favorecerla propiciando a participación en actividades enmarcadas tamén fora do horario escolar. Deste modo, débese fomentar a participación dos alumnos en xogos, competicións deportivas, actividades lúdicas etc., que con carácter voluntario o centro ou outras entidades ou institucións locais puidesen organizar.

- Colaboración con outras entidades: O propio tecido social, as súas institucións, organizacións voluntarias, asociacións etc., ofrecen recursos moi valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade cuxas potencialidades se deben aproveitar. Desde o centro escolar colaborarase con estas entidades e institucións facilitando unha coordinación de medios e fins para optimizar os recursos dispoñibles e daranse a coñecer ao colectivo emigrante os servizos que lles ofrecen.

Neste sentido, a Delegación do Goberno respecto á inmigración, os Servizos Sociais do Concello, a Rede Galega de Atención ao Inmigrante e ao Emigrante Retornado, dependente da Consellería de Emigración así como as asociacións subvencionadas cada ano por esta Consellería, poden prestar un servizo de gran utilidade.

▶ Desenvolvemento de competencias interculturais.

Desde a consideración do alumnado como cidadáns activos dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias comunicativas interculturais. Para iso será conveniente realizar unha proposta educativa coordinada desde a acción tutorial que involucre a todo o profesorado e se reflicta en todas as actividades escolares. Algunhas manifestacións desta proposta poden ser:

- Utilizar na aula información e recursos actualizados que recollan diferentes perspectivas sobre cada tema tratado.
- Recorrer a contidos que reflictan e valoren a diversidade da experiencia humana e dos modos de expresala, resaltando como referentes comúns de valoración a dignidade e dereitos da persoa, así como os principios do ordenamento constitucional español.

- Poñer en marcha iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade ou o contorno externos á escola.
- Promover un clima da clase que favoreza o intercambio significativo de experiencias ou puntos de vista e o debate aberto e construtivo.
- Propiciar a participación do alumnado na toma de determinadas decisións.

Como contidos concretos desta proposta poden formularse:

- Coñecemento das diferentes culturas presentes no centro

Corresponderá a todo o profesorado o logro dun coñecemento compartido de toda a riqueza cultural que existe na aula e no centro, valorando o que de positivo nos aporta. Convirá, non obstante, que a atención se centre máis nos aspectos comúns que compartimos que nas diferenzas en canto tales.

- Habilidades de interacción social e convivencia.

Para que os alumnos se sintan cómodos e integrados na aula desde o principio, con confianza en si mesmos, hai que facilitarlles un clima adecuado, tanto na clase como fóra dela (no recreo, en actividades organizadas polo centro, en horario extraescolar), que favoreza unha convivencia construtiva e non discriminadora entre os membros do grupo.

Mediante consenso cos outros profesores, podemos establecer a este fin as nosas propias pautas de traballo ou buscar na literatura pedagóxica programas e materiais xa elaborados e secuenciados.

Por outra parte, a propia dinámica escolar e súas interaccións dan lugar a diverxencias que poden ser oportunidades para avanzar ou retroceder na convivencia, segundo como as afrontemos (o feito de non afrontalas dará lugar a un proceso crecente de incomunicación, desconfianza, temores, malentendidos, etc).

Nesta liña de actuación, como parte esencial da convivencia na diversidade, debe estar presente na normal actividade da clase a aprendizaxe e uso de estratexias dirixidas a este fin, tales como:

- Análise das situacións conflitivas
- escoita activa
- Negociación
- Mediación
- Toma de decisións por consenso
- Creación no grupo dun ambiente de confianza e cooperación

- ...

- ▶ Estratexias metodolóxicas.

- Prácticas pedagóxicas.

Coa incorporación do alumnado inmigrante faise necesario traballar o desenrolo de actitudes que promovan unha convivencia baseada na consideración da diversidade cultural nun plano de igualdade fundamentado no respecto á dignidade de todas as persoas. Con este obxectivo debe promoverse no noso centro o uso de estratexias de aprendizaxe que desenvolvan nos alumnos habilidades interpersoais e de traballo en equipo como:

- O diálogo construtivo,
- A aprendizaxe no diálogo e a aprendizaxe cooperativa.
- A escoita activa e a negociación.
- A valoración da diversidade.
- A responsabilidade persoal xunto co compromiso e as relacións solidarias.
- Tutorización por parte de alumnos e familias.
- Colaboración con entidades e persoal que traballan co alumnado inmigrante e as súas familias.

- Formación.

A formación a través da participación en cursos, experiencias sobre a educación intercultural, convivencia, etc, é un dos eixes que pode potenciar a labor educativa eficaz do profesorado e dos propios centros co alumnado inmigrante posibilitando a innovación educativa, o intercambio de experiencias educativas entre centros, o acceso a materiais e documentos, asesoramento en temas relacionados co alumnado inmigrante e desfavorecido, etc.

3.2. Profesorado de nova incorporación

Cando un profesor se incorpore a este centro, o equipo directivo informarlle do seu funcionamento e organización xeral, mostraralle as dependencias e presentarlle aos compañeiros e persoal do centro.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación do cumprimento dos obxectivos e do desenvolvemento das distintas actuacións realizarase a partir das valoracións do profesorado encargado de poñelas en práctica e recollerase na memoria do Departamento de Orientación.

4.1 Instrumentos de avaliación

Cada profesor avaliará, a través dun cuestionario (anexo III) que entregará á orientadora as actuacións nas que participou: acollida do alumnado inmigrante, de educación infantil, alumnado procedente doutros centros ou profesorado de nova incorporación.

10.2 PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A ESO.

➤ INTRODUCCIÓN

Como parte das actuacións encamiñadas á preparación do alumnado que vai rematar a súa etapa formativa no centro incorporándose ao instituto para iniciar no próximo curso a educación secundaria obrigatoria, e a facilitar información e apoio ás familias que tamén se ven afectadas polos cambios que isto leva consigo, deseñase en dúas fases consecutivas e complementarias.

➤ OBXECTIVOS

- Facilitar o tránsito da etapa de educación primaria á de educación secundaria.
- Facilitar información ao alumnado e ás familias respecto das características e estrutura da nova etapa educativa.
- Proporcionar ao alumnado e ás familias información sobre a oferta educativa, os servizos complementarios e o funcionamento xeral do IES Terra de Soneira.

➤ DESENVOLVEMENTO

Este programa conta con información e actividades variadas que axudarán ó alumnado a resolver as dúbidas que podan ter en relación con esta nova etapa.

1 Visita ó I.E.S. TERRA DE SONEIRA:

Todos os cursos académicos no mes de xuño organízase unha visita dos alumnos/as de 6º de Educación Primaria do centro educativo ó I.E.S., onde lles fan unha visita guiada polo centro ensinándolles todas as súas instalacións e onde a orientadora do I.E.S. lles dá unha charla para resolver as dúbidas que poidan ter.

Consideramos fundamental que os/as alumnos/as se enfronten a esta nova etapa con ilusión e con moitas ganas, polo que potenciaremos todo o proceso de transición con naturalidade e con moitas expectativas positivas.

2 Tríptico informativo sobre a E.S.O.

Resulta fundamental que os alumnos cheguen á E.S.O. ben informados sobre o funcionamento e as características que require esta nova etapa; polo que antes de realizar a visita o I.E.S., a orientadora terá unha **charla** cos alumnos de 6º para falar con eles e explicarlles en que vai

consistir esta nova etapa educativa; tamén contamos cun **tríptico** con información xeral sobre a E.S.O. para entregarlle ós alumnos e que vaian coñecendo en que vai consistir esta nova etapa educativa. Calquera cousa que non entendan poderán consultala na visita que farán ó I.E.S.

➤ **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Tanto o profesorado implicado coma o DO avaliarán o grao de desenvolvemento de cada unha das fases, emitindo un informe no que se establezan, se proceden, as propostas de mellora.

4.1. Instrumentos de avaliación

Cumprimentarase o cuestionario que se recolle no anexo III.

10.4. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

- **Xustificación**

- **As habilidades sociais.**
 - **Definición.**

 - **Puntos clave das habilidades sociais.**

 - **Adquisición das habilidades sociais.**

 - **Problemas provocados pola falta de habilidades sociais.**

 - **Pautas xerais para o desenvolvemento das habilidades sociais.**

- **Intelixencia e educación emocional**

- **Obxectivos**
- **Dinámicas.**
- **Recursos web para traballar as habilidades sociais.**
- **Programa modificación de conducta.**
- **Xustificación.**

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, desenvolta no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Esta ten un enfoque formativo, ó tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais, e, a súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

Unha das medidas complementarias recollidas na Lei e no Decreto de Convivencia antes citados é o Programa que contribúa a adquisición de habilidades e competencias sociais.

- **As habilidades sociais.**
 - **Definición.**

As habilidades sociais son as condutas necesarias para interactuar e relacionarse cos demais de forma efectiva e mutuamente satisfactoria.

É fundamental prestar unha especial atención ó desenvolvemento destas habilidades posto que son imprescindibles para que os nenos se poidan adaptar ó entorno que os rodea e vanlles a proporcionar as ferramentas para desenvolverse como adultos no ámbito social. Moitos nenos, por diferentes razóns, pode que non dispoñan no seu entorno duns recursos mínimos para desenvolverse neste aspecto polo que pode aparecer como consecuencia disto, o rexeitamento, o illamento social e, en ocasións, a agresividade.

1. Puntos clave das habilidades sociais.

- Adquírense principalmente a través da aprendizaxe (mediante observación, imitación, ensaio e información).
- Inclúen comportamentos verbais e non verbais.

- Supoñen iniciativas e respostas efectivas e apropiadas.
- Aumentan o reforzamento social (por exemplo, as respostas positivas do propio medio social).
- Son recíprocas por natureza e supoñen unha correspondencia efectiva e apropiada.
- A súa práctica está influída polas características do medio.
- Están determinadas polo reforzamento social (positivo ou negativo).
- Están interrelacionadas co autoconcepto e coa autoestima.
- Son necesarias para o desenvolvemento integral da persoa.

1. Adquisición das habilidades sociais.

As habilidades sociais adquirense como resultado das interaccións con outras persoas e este desenvolvemento prodúcese fundamentalmente na infancia.

Apréndense e desenvólvense a través dos seguintes procesos:

- Experiencia directa. A través desta os nenos comezan a ensaiar as condutas sociais e vanas incorporando a súa maneira de actuar e de pensar.
- Imitación. Os nenos imitarán aquelas condutas sociais que observan nos adultos mais próximos a eles.
- Reforzos. Estes van a facer que os nenos desenvolvan unhas determinadas condutas ou outras.

1. Problemas provocados pola falta de habilidades sociais.

Implicacións de ser socialmente hábil	Implicacións de ser socialmente inhábil
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crea maiores interaccións positivas. ▪ Aumenta o rendemento intelectual. ▪ Favorece a socialización 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorece a baixa autoestima ▪ Crea frustración ▪ Favorece o retraemento

Cando falamos de nenos que son socialmente inhábiles non só nos referimos a nenos tímidos, así pois, tamén existe unha incapacidade social nos nenos agresivos para establecer vínculos sociais axeitados. Así pois, os compañeiros con frecuencia rexeitan, evitan e/ou castigan ós nenos agresivos e, deste modo, exclúenos das experiencias de aprendizaxe positivo cos demais.

Así pois, esta falta de habilidades sociais provocarán nos nenos/as problemas de autoestima, dificultade para relacionarse cos demais e expresar desexos e opinións, problemas escolares e malestar emocional.

1. Pautas xerais no desenvolvemento das habilidades sociais.

Dende a escola debemos establecer unhas pautas xerais no desenvolvemento das habilidades sociais para que os nenos/as desenvolvan con éxito as relacións con demais:

- Transmitirlles valores (ensinarlles a respectar, a tolerar e a escoitar).
- Coidar a súa autoestima.
- Servirlles de exemplo.
- Dotalos dun ambiente rico en relacións.
- Reforzar socialmente aquelas conductas axeitadas.
- Fomentar a capacidade de escoitar e entender ós demais.
- Animalos a participar en diferentes grupos ou actividades con outras persoas.

▪ Intelixencia e educación emocional

Para poder falar de habilidades sociais, é moi importante empezar falando de intelixencia e a educación emocional. As emocións forman parte da nosa vida dende o momento que nacemos, e estas, de unha forma ou outra van a influír na construción da nosa personalidade.

As emocións non xorden dunha forma espontánea en nos mesmos, senón que se van desenvolvendo a través dos vínculos de apego e as relacións que imos creando día tras día. Hai que ter en conta, que os nosos sentimentos poden verse influenciados polos sentimentos dos outros, da cultura ou das normas establecidas pola sociedade, chegando a crear a capacidade de abstraer e esconder os nosos sentimento se mostrando ó mundo outros totalmente diferentes, é dicir, somos capaces de enganar ós demais para non mostrar o que realmente sentimos.

As habilidades sociais, teñen un papel moi importante dentro da educación emocional, xa que os nenos/as, cando son capaces de aceptar e relacionarse cos seus iguais, de recoñecer os seus sentimentos e os dos demais, desenvolven a empatía, a convivencia de forma axeitada, e as súas relacións sociais, o que contribúe a que se establezan interaccións positivas que facilitan a resolución de conflitos, que sexan máis tolerantes, máis respectuosos, con maior cooperación, solidariedade e xenerosidade...

▪ Obxectivos.

- Desenvolver o establecemento de vínculos sociais.
- Adquirir pautas de prevención e manexo de conflitos.
- Vivenciar a importancia da empatía e sentimentos positivos.
- Fomentar a interacción, o respecto e o compañeirismo.

▪ **Dinámicas.**

Tendo en conta a diversidade do alumnado, os intereses e motivacións, o longo do curso, levaranse a cabo diversas dinámicas a nivel grupal e individual que favorezan a adquisición de habilidades sociais, entre outras, destacar as seguintes dinámicas:

- **Enquisa para medir o clima de convivencia:** principalmente esta dinámica levouse a cabo no 3º curso de EP, posto que presentaron uns conflitos de convivencia entre eles, que foron motivo de apertura de partes. A través de dita enquisa, coñécese a percepción que ten o alumnado do grupo-aula.
- **Buzón de convivencia:** Para favorecer a comunicación entre o alumnado na aula, elabórase un buzón a partir de materiais de reciclado. Nel o alumnado escribirá sucesos, tanto positivos como negativos que ocorren durante a xornada escolar. Poñerase unha hora ó longo da semana para leer ditos mensaxes e buscar unha solución ós posibles conflitos ou unha valoración positiva ante determinadas situacións.
- **Actividades de autoconñecemento e coñecemento mutuo:** Cada alumno/a respostará con aspectos persoais, gustos, afeccións... a un cuestionario, e posteriormente por parellas intercambiarán a información. Despois de 5-10 minutos de diálogo, cada un presentará o seu compañeiro sen que este poida dicir nada
- **Teléfono estropeado;** a través de este xogo popular por todos/as coñecido, traballarase de forma lúdica a importancia de non facer caso o que non vemos de forma directa. Evitando así que os feitos se vexan modificados, amplificados...., en definitiva, o alumnado aprenderá a non facer caso dos rumores nin a alimentalos.
- **“Se buscan valientes”:** a partir da iniciativa contra o acoso escolar de Mediaset España, o alumnado reflexionará sobre momentos vividos nos que exercera unha axuda cara ós demais, favorecendo o seu benestar. Exporá dito ou ditos momentos ante os seus compañeiros/as de xeito que se favorezca a súa autoestima e se divulgue a importancia de axudar e non facer “oídos sordos” ante as inxustizas.
- **O meu Garabato:** Repárteselle a todos o alumnado unha folla cun mesmo garabato, o cal terán que rematar e “acondicionar” facéndoo seu, sen dicir nada a ninguén. Cando rematen, faise unha exposición dos cadros, e eles mesmos irán observando como todos son distintos. Para valorar a actividade analizaremos o feito de que todos os debuxos sexan diferentes, posto que todos son diferentes, e pensan de xeito diferente. Por eso cada debuxo é único, o que implica que cada un de nos SOMOS ÚNICOS.
- **Visionado de curtos pola convivencia:** Parcialmente nublado, O monstro de cores, rato en venta..., e aqueles que vaian xurdindo e sexan de interese.

▪ **Recursos web para traballar as habilidades sociais.**

✦ **Emocións:**

<http://ares.cnice.mec.es/edufisica/b/03/index.html>

<http://evenbettergames.com/jugar.php?juego=emociones>

<http://evenbettergames.com/jugar.php?juego=ruleta>

<http://programadecompetenciaemocional.blogspot.com.es/>

✦ **Convivencia:**

<http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/zonaalumnos/tkPopUp>

<http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/zonaalumnos/tkPopUp/%3bjsessionid=c0a80202ce538c89fc65204402085a0ef8bc185604b.mlbQp6eMahCNaNOLc%3bybtahyM-x4Qc2SM-x8lmxmLnAeL-Anwc3uPnxaLc6ml->

<http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/zonaalumnos/tkPopUp/huKa30xmRjGr7jMmkzvqMTvqRnGn38L8N4Sah4Kc3uKbNmxf2bCpQPz8QfznA5Pp7ftolb>

http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/zonaalumnos/tkPopUp/GmkTy?pgseed=1196061144051&idContent=54133&locale=es_ES&textOnly=false

✦ **Interaccións cos iguais:**

http://agrega.educa.madrid.org/visualizar/es/es-ma_2009101313_9164447/false

✦ **Situacións de estrés e relaxación:**

http://agrega.educa.madrid.org/visualizar/es/es-ma_2009101313_9141045/false

CONDUCTA

Unha conducta disruptiva é un modo de actuar que dificulta o proceso de ensino – aprendizaxe e perxudica o bo funcionamento do grupo. Este tipo de condutas soen ser producidas por alumnos impulsivos e que queren chamar a atención.

Tipos de condutas disruptivas:

- Falta de cooperación.
- Provocación.
- Agresividade.
- Desobediencia.
- Insolencia.

Pasos para afrontar as condutas disruptivas que poidan producirse na aula:

- ❖ Identificación dos axentes disruptivos.
- ❖ Identificación das características do neno/a ou grupo nos atopamos.
- ❖ Actuación, é dicir, elixir as técnicas ou estratexias axeitadas para tratar o problema.

TECNICAS MODIFICACIÓN DE CONDUCTA

Procedementos operantes

Son técnicas moi concretas, centradas no aquí e agora.

Procedemento para aumentar a conduta:

- Reforzo positivo. Pode ser verbal en forma de halago ou material.
- Reforzo negativo. Calquera estímulo cuxa eliminación despois dunha resposta aumenta a probabilidade desa resposta (por exemplo, se un neno provocou unha pelexa pode evitar un castigo mais severo se amosa arrepentimento).

Unha forma de estruturar estes reforzos é a Economía de Fichas. Para isto teremos que seguir os seguintes pasos:

- Especificar a conduta que vai a premiarse e o premio.
- Explicar como se obteñen ou se perden puntos.
- Crear un rexistro onde os nenos vexan o estado dos seus puntos.
- Dar os premios ou reforzadores acordados a quenes conseguen as metas marcadas.

Procedemento para diminuír a conduta:

- Retirada de atención. Obviar as condutas non desexadas (dentro do posible) coa retirada de atención para ir dándolla a media que a conduta vaia mellorando.
- Estímulo aversivo contixente a mala conduta. Xusto despois de producirse a conducta pode facerse un parte negativo.
- Retirada dun reforzador positivo.
 - Tempo fora. Retirar o alumno a un espazo pouco interesante.
 - Coste da resposta. Consiste na perda de algo positivo.

Estratexia paradóxica.

Está orientada a casos concretos e cando os outros recursos mais habituais non funcionaron.

Pode utilizarse para contrarrestar conductas como desobediencia e negativismo.

Procedemento:

- As instrucións resultan non esperadas polo neno. Pídeselle que faga xusto o que el está acostumado a facer para chamar a atención.

- Se o neno está acostumado a ser desobediente, provocámoslle unha situación de perplexidade, dado que agora a desobediencia so pode darse en caso contrario.

O poder desta técnica basease na súa capacidade de sorprenden.

Principio de Premark

Utilizar as actividades que mais lle gustan ós nenos para reforzar a presenza doutras que lle son menos agradables. Por exemplo, se lles gusta debuxar e non lles gusta realizar problemas de matemáticas despois de realizar os exercicios de matemáticas dedicarase un tempo a debuxar.

Contrato de conducta

Consiste nun acordo escrito entre as partes afectadas. O contrato debe establecerse en torno a unha negociación previa.

Mediante este contrato regúlanse as conductas que o alumno/a terá que realizar e as consecuencias que terá. Nel deberanse expoñer claramente as conductas e deberase revisar periodicamente.

MODELO CONTRATO DE CONDUCTA:

Técnica a utilizar en base o tipo de alumno que presente a conducta disruptiva

TDAH
Economía de fichas Técnicas operantes Principio de premark
DESOBEDIENCIA
Economía de fichas Procedementos operantes Estratexias paradóxicas
OPOSICIONISTAS – DESAFIANTES
Para intervir con estes nenos debemos ter en conta o non abrir unha discusión con eles sobre as súas razón. Eles atópanse no seu terreo cando son recriminados en voz alta, en especial, se o mestre perde os papeis. Dentro do posible é recomendable que o neno perciba seguridade no adulto que lle impón as medidas correctoras cun ton firme pero non ameazante.
Procedementos operantes Estratexias paradóxicas
ALUMNOS POUCO MOTIVADOS
Principio de premark Procedementos operantes Economía de fichas
Transtornos xeneralizados do Desenvolvemento, etc... / TRASTORNO DO ESPECTRO
AUTISTA
Procedementos operantes

CONTRATO DE CONDUCTA

Eu, alumno/a de, son capaz de realizar as seguintes conductas na clase:

- Realizar o traballo.
- Obedecer ós mestres.
- Respetar os meus compañeiros.
- Levantar o brazo para pedir as cousas durante a clase.
- Permanecer sentado na cadeira mentres realizo as tarefas.

Realizando estas tarefas poderei obter puntos para o meu carné de conducta que o mestre irá anotando o final de cada día. Os puntos que obteña poderei canxealos polas cousas que me gustan.

Puntuación:

- Conducta mala: 0 puntos.
- Conducta regular: 3 punto.
- Conducta boa: 6 puntos.
- Conducta moi boa: 10 puntos.

E, como son capaz de realizar todo isto, firmo abaixo xunto ó o mestre:

Fdo: o alumno/a

Fdo: o mestre/a

10.5. PROGRAMA DE EXPLORACIÓN PSICOPEAGÓXICA DA TOTALIDADE DO ALUMNADO

1. Introducción

O programa de exploración psicopedagóxica da totalidade do alumnado forma parte dun enfoque preventivo e de atención temperá que, desde o punto de vista psicopedagóxico, realiza o Departamento de Orientación do centro.

Toda a información acadada transmítese ao profesorado, alumnado e familia.

2. Obxectivos

1. Colaborar cos profesores no coñecemento de cada alumno co obxecto de axustar a intervención educativa ás súas características persoais.
2. Facilitar o coñecemento dos alumnos por parte das familias, adecuando as súas expectativas, orientando a toma de decisións e servindo de punto de partida para o asesoramento respecto das axudas adecuadas para a mellora do proceso educativo.

3. Desenvolvemento

As exploracións psicopedagóxicas que conforman este programa levaraaas a cabo a orientadora do centro, informando dos resultados ao profesorado e familias. O titor, sempre que sexa oportuno, dará a coñecer esta información aos alumnos.

As exploracións realizaranse en 6º de Educación Infantil e ao rematar os niveis 2º,4º e 6º de Ed. Primaria e segundo a temporalización que figure no Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) de cada curso. Os resultados obtidos formarán parte do expediente do alumnado.

4. Seguimento e avaliación

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.

5. Recursos

- ✦ Documentos do Centro: Programación Xeral Anual, Proxecto Educativo (formando parte deste a Proposta Curricular de Centro).
- ✦ Lexislación da Consellería.
- ✦ Expedientes do alumnado.
- ✦ Material específico de titorías, fichas elaboradas ao efecto para as distintas actividades, modelos de solicitudes de entrevistas coas familias, absentismo escolar, autorizacións etc... Fichas de avaliación inicial, individual e de grupo.
- ✦ Materiais didácticos elaborados polos Equipos de Traballo, Biblioteca escolar, medios audiovisuais e informáticos...
- ✦ Material elaborado polo Departamento de Orientación.

Como **recursos humanos** incluímos a todos os profesores do centro (tanto titores como especialistas) que colaboran na posta en marcha do PAT e ós alumnos e alumnas do centro que son os seus principais beneficiarios.

10.6. PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Este Programa de Estimulación da Linguaxe Oral e Escrita pretende responder á preocupación que a mestra de Educación Infantil manifesta respecto aos retrasos e trastornos na adquisición da linguaxe oral que presentan algúns nenos e nenas.

Ten como finalidade o desenrolo da linguaxe e a prevención de dificultades, reforzando unha serie de habilidades e aptitudes que entran en xogo na adquisición da lectura e a escritura, previndo posibles déficits neste área.

O aprendizaxe máis importante que os nenos e as nenas adquiren nos seus primeiros anos de vida é a da súa lingua materna, a partir de ela, prodúcense as primeiras interaccións sociais, sentándose as bases de futuros aprendizaxes, de ahí que el profesorado de Educación Infantil preste especial atención á adquisición e desenrolo da linguaxe así como as súas posibles alteracións.

É esta Etapa o momento ideal de previr e/ou compensar posibles dificultades que poidan incidir na evolución infantil, xa que o desenvolvemento global das capacidades do suxeito depende en boa medida do seu propio desenvolvemento lingüístico e da súa capacidade de comunicación.

É importante, por tanto, coñecer os períodos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe e cómo evolucionan os procesos de comprensión e expresión na infancia, sen olvidar que a evolución lingüística hai que contemplala desde unha perspectiva global na que as interrelacións co resto das dimensións é evidente.

Por outra parte, hai que ter en conta que a linguaxe infantil é un fiel reflexo do entorno social no que o neno/a se desenvolve, sendo a imitación da linguaxe dos demais e o desexo de comunicarse as dúas variables que fan que a linguaxe se forme.

2. XUSTIFICACIÓN.

A dificultade das tarefas de análise da fala é complexa en sí, dado que o discurso oral é unha corrente de sons difícil de separar en segmentos diferenciados e perceptibles na cadea falada, sobre todo tendo en conta que cada segmento se solapa e inflúe nos próximos. O que o neno/a chegue a tomar conciencia destes segmentos orais é crucial para ler nun sistema de escritura alfabético. Por tanto, na Educación Infantil é necesario deseñar actividades nas que se manipule a linguaxe oral antes de acceder á lectura. Este programa levarase a cabo cos nenos e nenas de Educación Infantil de 4 e 5 anos, pola crenza de que é a estas idades nas que se pode aproveitar ao máximo posible a súa intervención e poder previr e anticipar algún tipo de problema fonolóxico. Seguindo a Gallardo e Gallego (1993), e de maneira sintética, móstranse as etapas da linguaxe, contemplando as adquisicións significativas por idades.

EVOLUCIÓN DA LINGUAXE INFANTIL

IDADE	EVOLUCIÓN DA LINGUAXE
1º ó 2º mes	Emisión de sons guturais (gorjeos).
3º ao 4º mes	Sorrison social. Choro con intención comunicativa.
5º ao 6º mes	Emisión de sons (vogais e consoantes). Murmullos. Idade do balbuceo.
7º ao 8º mes	Idade do laleo. Escolta e xoga cos seus propios sons e trata de imitar os sons emitidos polos outros.
9º ao 10º mes	Enriquecemento da Linguaxe infantil. Aparición das primeiras sílabas.
11º - 12ºmes	Primeiras palabras en forma de sílabas “dobres”(papá, mamá, tata).

12º - 18º mes	<p>Coñece algunhas palabras.</p> <p>Comprende o significado dalgunhas frases habituais do seu entorno.</p> <p>Linguaxe en xerga. Acompaña a súa fala con xestos e ademáns.</p>
A los 2 años	<p>Comprende e responde a instrucións sinxelas.</p> <p>O seu vocabulario consta de 5 a 20 palabras.</p> <p>Frases holofrásticas (unha soa palabra).</p>
Aos 3 años	<p>Usa substantivos, verbos, adxectivos e pronomes.</p> <p>Primeiras combinacións substantivo-adxectivo.</p> <p>Uso frecuente do “no”.</p> <p>Linguaxe comprensible para estraños. Usa oracións.</p>
Aos 4 años	<p>Empeza a diferenciar tempos e modos verbais.</p> <p>Idade preguntona.</p> <p>Usa artigos e pronomes. Inicia o uso de singular e plural.</p> <p>Período florecente da linguaxe.</p>
Aos 5 anos	<p>Mellora a súa construción gramatical, conxugación verbal e articulación fonemática.</p> <p>Usa nexos. Xoga coas palabras.</p> <p>Etapa do monólogo individual e colectivo.</p>
Aos 6 anos	<p>Importante evolución neuromotriz. Comprenden termos que entrañan comparación. Comprende contrarios. É capaz de establecer semellanzas e diferenzas, nocións espaciais, etc.</p> <p>Desaparece a articulación infantil. A construción gramatical é correcta.</p> <p>Uso social del linguaxe. Progresiva consolidación da noción corporal, espacial e temporal.</p> <p>Construción de estruturas sintácticas máis complexas de forma progresiva.</p> <p>Mellora o uso das preposicións, conxuncións e adverbios. Evoluciona a conxugación verbal. Articula todos os fonemas en palabras ou logotomas.</p>

COMPRESIÓN E EXPRESIÓN NA ETAPA INFANTIL

IDADE (anos)	A NIVEL COMPRESIVO	A NIVEL EXPRESIVO
0 - 1	<p>Reaccións reflexas.</p> <p>Identifica o seu nome.</p> <p>Coñecemento global do seu</p>	<p>Choros, gorjeos, sílabas, balbuceo espontáneo, primeiras palabras.</p>

	corpo e de algúns obxectos comúns.	
1 - 2	Amplía o seu vocabulario. Evoluciona a súa comprensión. Coñece as partes do seu corpo, animais e obxectos comúns. Comprende ordes sinxelas.	Palabra frase. Etapa da xerxa infantil acompañada de xestos. Interxeccións. Menor progreso que na comprensión. Xeneraliza o uso de determinadas palabras.
2 - 3	Comprende ordes con diferentes verbos. Aumento do vocabulario comprensivo.	Inicia o uso de modos e tempos verbais nas frases simples. Usa artigos, pronomes, adverbios, verbos,... verbaliza experiencias.
3-4	Inicia a comprensión de plurais. Importante ampliación do vocabulario. Evolución da comprensión: Onde?, Para qué?	Linguaxe intelixente para estraños. Usa oracións compostas e complexas. Fala sen cesar.
5 – 6	Boa comprensión	Describe, establece diferenzas, semellanzas, fala similar ao adulto.

Calquera desenvolvemento lingüístico diferente ao contemplado non debería supoñer a priori desenvolvemento patolóxico do mesmo, se non que pola contra, sería convinte ter en conta as diferenzas individuais e a existencia de distintos ritmos de desenvolvemento evolutivo en función de características individuais e ambientais.

Os anos da infancia permiten bos resultados na prevención de dificultades na Linguaxe Oral, dando lugar a un progreso no alumnado que quizais non se poidan conseguir máis adiante cando as alteracións da linguaxe poidan pasar a ser funcionais.

Actualmente, observase unha maior incidencia de alteracións da Linguaxe en idades temperás, a intervención desde este programa é de tipo preventivo posto que cremos que un desenvolvemento axeitado da linguaxe facilita a aprendizaxe instrumental e, por tanto contribúe ao éxito escolar, promovendo unha maior participación e adaptación social do neno/a ao grupo escolar, tanto nos seus obxectivos sociais como académicos.

3. FINALIDADES.

O programa que se describe pretende, a grandes rasgos, que os nenos/as sexan capaz de adquirir ou mellorar a súa linguaxe oral para facilitar o seu acceso á lectura ou mellorar a súa expresión oral co fin de que as súas interaccións comunicativas sexan máis fluídas e hábiles, para o seu desenvolvemento cotiá e social.

Por tratarse dun programa orientado á prevención de posibles alteracións na linguaxe oral, non aparece entre os obxectivos a corrección dos fonemas defectuosos, tan só obxectivos e actividades orientadas á prevención de posibles dificultades que poidan obstaculizar unha relación verbal satisfactoria e máis adiante influír negativamente nos procesos de aprendizaxe sobre todo de lectura e escritura.

OBXECTIVOS:

OBXECTIVOS XERAIS:

- Ampliar e corrixir a linguaxe do alumnado.
- Implantar unha linguaxe máis estruturada e elaborada, creando un ambiente lingüisticamente rico en que o alumnado utilice un código lingüisticamente elaborado.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Exercitar a musculatura buco-facial.
2. Desenrolar no alumnado as habilidades necesarias para a utilización funcional da linguaxe.
3. Desenrolar as capacidades comprensivas e expresivas da linguaxe do neno/a.
4. Estimular as aprendizaxes a través das vías sensoriais.
5. Axudar a que expresa as súas necesidades e desexos.
6. Ampliar o seu vocabulario e expresión verbal.

Para conseguir alcanzar estes obxectivos propóñense unha serie de actividades-tipo de articulación, respiración, segmentación silábica, vocabulario, de expresión, de comprensión, etc.

4. ACTIVIDADES - TIPO.

- **Actividades buco-faciais:** Apertar e afrouxar os beizos sen abrila boca. Mascar varias veces. Abrir e pechar a boca a présa e a modo. Sacar a lingua ao máximo. Sacar a lingua o mínimo posible, asomando a punta da lingua entre os beizos. Abrir a boca a modo e cerrala a présa. Abrir a boca, sacar a lingua e levala ata arriba e abaixo. Dar bicos sonoros e sorrir., bostezar

- **Actividades de sopro e respiración:** En silencio e cunha man no abdome descubrir o ritmo da respiración e os latidos do corazón. Inflar globos e desinflar suavemente. Imaxinar que estamos no campo e collemos moito aire puro e soltámolo lentamente. Coller aire subindo os brazos e soltalo mentres se baixan. Soprar a cara. Soprar unha vela sen que se apague e despois apagándoa. Soster unha palliña entre os beizos. Inchar as meixelas, apertalas coas mans e facer explosión cos beizos. Movementsos vibratorios de beizos...
- **Actividades de comprensión verbal:** Dicimos aos nenos/as unha serie de nomes como: Manolo, María,...cada neno/a ten que prestar atención por si se nomea o seu. Pedirle a cada neno/ a que nomee aos compañeiros/as da clase. Facer o debuxo dunha persoa e dicir como se chama. Ante a foto da familia que o neno/a asigne o Nome a cada un e que describa como é. etc.
- **Actividades de recoñecer obxectos e secuencias:** Presentación de obxectos ou imaxes para que as describa. Mostrar secuencias de imaxes e pedir que as describan. Indicarlle un obxecto e dicirlle tres nomes, debe recoñecer cal é o nome verdadeiro. Realizar series con bloques lóxicos, segundo forma, color e tamaño. Indicarlle familias de palabras, sinónimos e antónimos. Recoñecer e identificar as partes do corpo. Indicar onde están os obxectos, aquí ou alí. Pedirle que exprese os seus gustos e necesidades. etc.
- **Actividades de palabras e sílabas:** Segmentar oracións de dúas ou tres palabras. Completar frases de tres palabras. Segmentar palabras bisílabas, trisílabas, polisílabas utilizando as palmadas e pezas coas letras. Omitir a sílaba inicial dunha palabra e indicar cal falta. Omitir a sílaba final. Engadir novas sílabas para que surxan novas palabras. Nomear alimentos e asocialos onde se poden comprar. Nomear animais, roupa,... Ordear secuencias de accións que habitualmente fai. etc.
- **Actividades para a estimulación das vías sensoriais:** Dramatización de contos. Discriminación de ruído /son. O alumnado moverase ao oír ruídos ou sons e mobilizarase ao cesar estes. Dirixir a súa atención ata os estímulos auditivos determinados. Localización da dirección do son. Imitación onomatopeica de ruídos producidos por obxectos que se caen. Podemos utilizar tacos de madeira, caixas... Emitir un ruído, pedindo que o imiten. Despois de observar a imaxe dun animal, describilo sen mencionar o seu nome. Acertar de que animal se trata. Dramatizacións. etc.

5. METODOLOXÍA.

As actividades que se propoñan ao alumnado non irán encamiñadas a que memoricen e repitan determinados conceptos e ideas, senón que serán actividades que axuden a reflexionar sobre o que está facendo e aprendendo. A metodoloxía estará baseada nos principios de: globalización, significatividade, activa, cotiá, lúdica e afectiva.

Outras consideracións metodolóxicas importantes a ter en conta son:

- **Ensinanza multisensorial:** Utilizar todo tipo de materiais visuais, obxectos manipulables, ordeador , etc,.
- Ofrecer tarefas variadas, que requiran esforzo pero que poidan realizar os propios nenos/as. Aumentar a dificultade das tarefas moi gradualmente, secuenciando as actividades co fin de que aumente a súa resistencia á fatiga.
- Utilizar a técnica do modelado: expoñerlle a modelos que realicen as condutas que queremos implantar ou incrementar.
- Manter unha coordinación entre o Mestre de AL e a mestra titora e orientadora para ver a evolución dos nenos/as en tódalas facetas e ambientes. Non debemos esquecer en ningún momento ás familias para que as aprendizaxes se estendan no seu ambiente familiar e social.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Para comprobar como responde o alumno/a ao programa, cales son os avances e as súas necesidades, é convinte ir anotando o que se fai en cada sesión no diario de clase, ao igual que se levará a cabo un rexistro de observación, no que se indicará o progreso do alumnado na linguaxe oral.

Os criterios de avaliación son:

1. Foi capaz de desenrolar a musculatura buco-facial.
2. É capaz de utilizar a linguaxe de forma funcional.
3. Comprende eficazmente a linguaxe oral.
4. expresa as súas necesidades e desexos.
5. Utiliza na súa linguaxe un amplo vocabulario.